



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Lantarón Caeiro, Eva M^a
López Díaz, María
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Abellás, Adolfo
Pérez Rodríguez, María Rosa
Pou Saracho, Juan María
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Rubio Armesto, Belén
Vázquez García, Celia

PDI-A:

Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Graña Rodríguez, Ana María
Martínez Cobas, Xabier
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María

PDI-B:

Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Álvarez Moreira, Jose Ángel
Comesaña González, Brais
Veleiro Pinal, Iván

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alba Castro, José Luis
Diz Ferreiro, Paula
Grande Seara, Pablo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de decembro de 2013, convocada para as 15:30 horas en primeira convocatoria e ás 16:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **18 de decembro de 2013**, ás 16:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de novembro de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2014.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2014.
5. Debate e posicionamento do Consello de Goberno respecto da promoción interna do grupo C2 ao C1 do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo.
7. Informe sobre a terceira Memoria de responsabilidade social universitaria da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, da reforma do artigo 3 da normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2014/15.
10. Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 4 e 5 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao.
11. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2014/15.
12. Nomeamento, se procede, dos membros da Comisión de Internacionalización Lingüística polo sector estudantes.

13. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas no estranxeiro.

14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil) – Convenio

específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Chile* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Chile* para o intercambio de estudantes.

15. Elección para cubrir as seguintes vacantes:
 - Comisión de organización académica e profesorado: 1PDI; 2 estudantes
 - Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante
16. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de novembro de 2013.

Non hai alegacións, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

O reitor comeza o seu informe dando a benvida aos novos membros: Prof^a Dr^a Belén Rubio, decana de Ciencias do Mar; e D. José Ángel Álvarez Moreira e D. Iván Veleiro Pinal, representantes do alumnado.

Seguidamente, dá conta de que no *Consejo de Universidades*, celebrado o día 11 de decembro, o ministro transmitiu aos reitores a súa intención de traballar en prol de posibilitar unha interpretación máis flexible dos criterios para computar a taxa de reposición de efectivos na universidade; no sentido de que as promocións de profesores e profesoras titulares de universidade ao corpo de catedráticos e catedráticas non computen dentro do preceptivo 10%. Tamén destacou que na mesma reunión se anunciou a inminente creación dun grupo mixto de traballo, composto por representantes da CRUE e dos ministerios de Facenda e Educación. Un dos seus obxectivos é facer propostas que, respectando o marco lexislativo, permitan consolidar captación de talento mediante a contratación de investigadores de excelencia. Engade, que a súa intención é estar moi preto dese grupo de traballo.

Neste apartado, o reitor informa que as dúas prazas de Titular que se aprobaron no pasado Consello de Goberno, previo acordo da mesa negociadora do PDI, foron finalmente asignadas pola COAP aos ámbitos Tecnolóxico e Xurídico Social e, concretamente, ás áreas de Máquinas e Motores Térmicos e Educación Física e Deportiva.

Tamén informa que o pasado 3 de decembro tivo lugar unha xuntanza na Consellería de Educación, na que o Secretario Xeral de Universidades presentou un conxunto de posibles liñas de actuación cara a unha futura reforma do mapa de titulacións. O reitor manifestou a súa incomodidade por este feito, do que non había información previa. Sinala que as propostas e suxestións foron elaboradas de xeito unilateral pola Consellería de Educación, e que contradín algúns aspectos do Decreto de titulacións. O reitor opina que é un inicio dun debate desafortunado, tanto é así que os argumentos aos que recorre a Xunta desfigurán á súa propia normativa.

O reitor di que descoñece os obxectivos da Consellería de Educación a este respecto, pero que invitan á Consellería a poñer enriba da mesa ese debate, onde se estuden todos os elementos que melloren o sistema universitario de Galicia. Agora ben, engade que non cabe en absoluto falar de títulos concretos; que neste eido só a universidade é competente. Engade, que calquera toma de postura da institución queda condicionada á previa existencia dun estudo que valore os criterios académicos, de demanda social e económicos que aconsellen a reforma dos títulos. Remata este apartado dicindo que seguiremos traballando na liña na que o viñamos facendo; que as propostas feitas pola Uvigo permitiron mellorar a calidade e a demanda dos títulos, afondando na súa eficiencia.

Continúa dando conta da sinatura do convenio para a posta en marcha do proxecto Táctica. Informa que se traducirá nunha inxección económica do Ministerio de Economía e Competitividad de 7 millóns de euros, procedentes de fondos FEDER para o centro AtlantTIC para os vindeiros dous anos. Segundo o reitor, é un proxecto froito de dous anos de traballo inxente por parte da Universidade de Vigo e da Xunta, así como tamén do Ministerio de Economía e Competitividad. Salientou que a sinatura do citado convenio é unha gran noticia para o sector TIC en Galicia.

Tamén deu conta do acordo adoptado no Claustro, celebrado o 13 de decembro, no que, trala presentación na devandita sesión dos proxectos de Regulamento de Estudantes e do Regulamento de Avaliación e Cualificación de Aprendizaxe do Alumnado da Universidade, decidiuse que estarán en exposición pública para a súa consulta, así como a posibilidade de facer propostas de melloras a través dos claustrais, ata o 14 de febreiro; logo, serán sometidos a debate e aprobación noutra sesión do Claustro.

Tamén informou que na última sesión do Comité de Seguridade e Saúde laboral (11 de decembro), se aprobou as Recomendacións para tratar as situacións de violencia na comunidade universitaria. Este procedemento está previsto para aqueles casos nos que se produza violencia, manifestada de forma verbal, escrita, física ou contra os bens, así como os actos que afecten á dignidade das persoas. Engade, que se poderá consultar na web, no Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

Para rematar, desculpa a ausencia por motivos xustificadas de Emilio Fernández, comisionado do Campus do Mar. Di que o informe semestral, sobre as actividades do Campus do Mar, será presentado no próximo Consello de Goberno.

Punto 3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

Comeza dicindo que o RD lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización de gasto público no ámbito educativo, establece que a universidade debe aprobar un límite de gasto para o exercicio 2014. Sinala, que é un requisito preceptivo antes de proceder a aprobar os orzamentos. Tras explicar o procedemento de cálculo adoptado, e que queda reflectido no documento anexo, solicita a aprobación dun teito de gasto para 2014 por un

importe de 169.483.650,00 euros (cento sesenta e nove millóns catrocentos oitenta e tres mil seiscentos cincuenta euros).

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

Comeza a súa intervención facendo unha sucinta descrición do escenario orzamentario no que se enmarca a xestión económica da Uvigo. Di que vén marcada pola combinación de dúas forzas. Por unha banda, o marco de negociación coas administracións públicas (Plan de Financiamento do SUG 2011-2015; Plans de sustentabilidade para o período 2012-2014) e pola normativa autonómica e estatal que afecta ao ámbito universitario. Por outro lado, os ingresos procedentes do sector privado. Para ese efecto, o vicerreitor salienta as dificultades das empresas para contratar actividades de I+D+i, así coma as das familias no financiamento dos estudos. Neste punto sinala que a posición da Uvigo foi inequívoca nos seguintes aspectos: oposición á suba das taxas e prezos públicos, negociando co goberno galego a conxelación nos prezos das primeiras matrículas; defensa do mantemento dos niveis de financiamento do SUG; defensa da non inclusión dos empregados das universidades na futura lei de emprego público de Galicia, negociación co goberno autonómico de criterios de financiamento por resultados fronte a criterios históricos incondicionados; e a procura dunha meirande pegada da Universidade de Vigo na captación de fondos comunitarios.

Respecto ao balance de resultados do Plan de Financiamento do SUG 2011-201, di que o actual plan de financiamento é restritivo para o desenvolvemento dos obxectivos das universidades galegas, pero que, non obstante, a estabilidade que se deriva da existencia dun marco de financiamento plurianual é moi positiva dende o punto de vista da xestión. Na súa opinión, a introdución de criterios crecentes de reparto de fondos en base a resultados fronte a criterios históricos, é unha invitación á maior eficiencia social do sistema universitario. De tal xeito, que o esforzo do conxunto da comunidade universitaria da Uvigo se traduce nestes últimos anos en mellores resultados e, polo tanto, nunha maior porcentaxe de financiamento dentro do SUG para a Universidade de Vigo. Un efecto que reduce a presión negativa da consolidación fiscal do sector público sobre esta universidade. Di que os avances acadados en eficiencia, tanto na xestión do gasto corrente como de capital, permitiron pechar o exercicio 2012 con superávit en termos SEC'95. Resultados que agardamos repetir na liquidación do exercicio 2013.

O vicerreitor de Economía expón que a nova baixa de salarios aos empregados públicos, decidida unilateralmente polo goberno autonómico, provocou, xa neste exercicio 2013 e para o vindeiro 2014, un menor ingreso procedente das transferencias da Comunidade Autónoma, que se corresponde cunha redución polo mesmo importe no capítulo I, de gastos de persoal. Neste punto, salienta que a estimación do goberno galego sobre o incremento de ingresos que se derivaría da suba de prezos públicos de matrícula no curso 2012-2013, era para a Universidade de Vigo de 2.091.000 €. Salienta que, polo contrario, o resultado real do aumento na recadación por ese concepto foi de 733.383,33 €, isto é, dun 35,07 % da previsión. Ao seu entender, estes

resultados confirman que o incremento de prezos da matrícula, non só é un atentado radical ao principio de igualdade de oportunidades, se non que, dende o punto de vista dos ingresos, provoca efectos contrarios aos que se pretenden.

Non que se refire a outras fontes de financiamento, sinala que se continúa a sufrir as baixas de fondos en convocatorias de investigación en concorrencia competitiva, así coma as dificultades das empresas para manter actividades de I+D+i. Di que esta situación se viu compensada, parcialmente, pola aposta do equipo de goberno por orientarse aos fondos europeos e concentrar recursos de investigación para acudir ás convocatorias comunitarias.

En relación ás perspectivas de futuro, agarda que unha vez estabilizadas as contas no pasado ano 2012, se manteña o equilibrio orzamentario, evitando calquera tensión adicional ás derivadas do axuste da crise. O vicerreitor di que para logralo é preciso que se manteña a capacidade de captación de recursos alleos ao Plan de Financiamento nos termos destes dous últimos exercicios, en particular, por contratación no sector privado e fondos europeos. Así como tamén resulta imprescindible manter as políticas internas que nos levaron a esta posición, eficiencia e control do gasto. Subliña que cumprindo estas condicións, tan só novas políticas agresivas co sector público poderían poñer en risco esta situación de equilibrio e superávit razoable acadada co esforzo de todas e todos. E este o motivo polo que a Consellería de Facenda eximiu á Universidade de Vigo de presentar medidas de axuste adicional no marco do Plan de Sustentabilidade.

Respecto ao Plan de Financiamento do SUG en 2014, en primeiro lugar, expón a evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG (2005-2014), que en 2014 se sitúa en 374.219.670 € (aproximadamente tres millóns máis que o ano anterior, debido á rectificación por parte do goberno galego sobre as súas estimacións sobre os ingresos procedentes de pagos de matrícula).

Respecto á estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (anualidade de 2014), incide na valoración positiva do reparto por criterios obxectivos; di que é pouco, pero non é desprezable.

Respecto á estimación das achegas do Plan de Financiamento do SUG á Universidade de Vigo (2014), di que para o ano 2013 se estimaban inicialmente en 106.172.000 euros, que posteriormente se viron diminuídas ata os 101.347.345 euros, consecuencia da rebaixa salarial aos empregados públicos e da estimación do incremento de ingresos por taxas. Para o 2014 estímense unhas achegas de 104.749.000 euros, o que supón un incremento de 3,36% respecto das achegas reais de 2013.

Con relación á súa exposición do orzamento de ingresos por capítulos, di que para o exercicio 2014 se estima un orzamento de ingresos de 159.655.119 €. Un valor total que comparado co orzamento de ingresos inicialmente previsto para o exercicio económico de 2013, supón unha diminución de -2,18%. Sen embargo, tendo en conta a diminución derivada da baixada salarial e da estimación dos ingresos adicionais por incremento das taxas, o orzamento real de ingresos en 2013 sitúase nos 159.168.732 euros. Así pois, os ingresos estimados para 2014, supoñen un incremento real de 0,31% en relación aos ingresos do ano 2013.

A única modificación a salientar na estrutura de ingresos é que:

Nas estimacións de transferencias de capital non se contabiliza ningún ingreso que non estea seguro. Que se incrementan de maneira considerable os activos financeiros, consecuencia da execución en 2014 de proxectos captados en anualidades anteriores (Cinbio, Campus do Mar, Erasmus Mundus, Heems, Táctica ...), incremento que compensa parcialmente a redución das transferencias de capital, consecuencia de presupostar coa máxima prudencia os ingresos procedentes das convocatorias públicas de investigación e dos contratos con empresas. Sinala que o comportamento do resto dos capítulos é semellante ao de 2013.

Respecto ao orzamento de gastos, expón a configuración do gasto por capítulos. Os comentarios máis destacables a este respecto son: en relación ao Capítulo I, de gastos de persoal, di que continúa a ser a principal partida de gasto, cun 55,86% do total do orzamento e un importe de 89.190.380 €. Que isto significa unha redución de -4,34% verbo de 2013. No exercicio 2013, a Xunta de Galicia elaborou os seus orzamentos con posterioridade ás datas previstas, polo que os da Universidade de Vigo, aprobados con anterioridade, non incorporaban a rebaixa salarial que despois se incluírían nas contas autonómicas.

Respecto ao Capítulo II, de gasto corrente, di que ten unha previsión de 28.112.538 €, experimentando un alza do 12,86%. Aínda que o custe dos servizos ordinarios para o funcionamento da institución continúa diminuindo pola vía de novas licitacións ou renegociacións de contratos, este incremento está derivado do carácter finalista de moitos dos fondos acadados, particularmente do Campus do Mar e dos proxectos Green It, Erasmus Mundus, do Tactica e do Heems, que se executarán durante o exercicio 2014 e que contribúen a un maior gasto corrente.

Respecto ao Capítulo IV, de transferencias correntes, di que presenta un descenso de -22,96%, acadando un valor de 6.566.600 €. En 2013 este capítulo experimentou un importante incremento, consecuencia da execución de proxectos finalistas, que financiaban unha elevada mobilidade internacional (Campus do Mar, Green It, Erasmus Mundus). Polo que se refire aos recursos propios, o gasto na política de bolsas incrementábase, motivado polas bolsas de comedor (de 230.000 € a 280.000 €) e pola aparición das bolsas para situacións de dificultades económicas sobrevidas por mor da crise, por un importe de 80.000 €.

Respecto ao Capítulo VI, de investimentos reais, di que acada unha contía de 32.015.601 €, que significa unha rebaixa de -4,05% verbo de 2013. Informa que este capítulo continúa, sen embargo, tendo un peso específico do 20% sobre o total do orzamento, valor próximo ao acadado no exercicio pasado. Nos últimos exercicios, a política de investimentos está directamente ligada á consecución de fondos finalistas, para non comprometer o funcionamento ordinario da institución.

En definitiva, sintetiza que o conxunto do gasto continúa na senda da contención, materializándose os aumentos na captación de fondos finalistas que aportan os recursos para financiar os gastos e os investimentos. Remata este apartado dicindo que o saldo corrente co que se agarda pechar 2014 é un saldo positivo, consolidando o equilibrio nas contas da universidade.

Remata este apartado facendo unha análise por programas de gasto.

Respecto ás liñas xerais de actuación que se propoñen seguir, di que pretenden ser coherentes coa acción de goberno que se ven desenvolvendo dende o inicio do actual período de goberno, ao tempo que se sobrepón á desfavorable conxuntura económica e normativa na que se teñen que desenvolver estes orzamentos. Remite á lectura do documento do orzamento, non obstante, refírese sucintamente aos compromisos co PDI e di que, sendo complicada a situación, o esforzo en buscar canles de interlocución co goberno central e autonómico conseguiu abrir portas de solución parcial, como a contratación temporal de contratados doutores, como mal menor. En relación ao PAS, aposta polo desenvolvemento da carreira profesional e, en relación o PAS laboral, en manter a oferta de funcionarización; unha oferta que está supeditada á negociación do convenio colectivo e dunha nova RPT.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O reitor dá a palabra ao profesor Berrocal, quen comeza a súa intervención felicitando pola presentación do documento. Sinala que é continuísta; cualifica as contas como desalentadoras e que non xeran ilusión. Di que valora positivamente que a institución acadase o superávit, pero rexeita os recortes nas axudas e salarios para docentes e investigadores. Anuncia o seu voto en contra.

Intervén Xan Cebro, quen felicita porque se manteñan os postos de traballo; porque non se fai mal uso do gasto; e porque é coherente cos ingresos. Seguidamente, céntrase en dous aspectos dos orzamentos: a adscrición dos niveis dos funcionarios e a funcionarización do PAS-laboral. En relación ao primeiro punto, di que os gastos de persoal deberían presupostarse tendo en conta o grupo máis alto ao que esta adscrito o nivel do posto, segundo a relación de postos de traballo. Ao non facelo así, supón un aforro de 600.000 euros. Este aforro tería que ser destinado ás promocións internas do PAS funcionario.

En relación á funcionarización, di que levan oito anos co tema da funcionarización. Que o equipo de goberno, dende seus inicios, leva nos orzamentos e nas liñas prioritarias de actuación a funcionarización do PAS laboral. A escusa para non levar a cabo esta medida é que aínda non hai asinado un convenio colectivo. Na súa opinión, isto non é motivo para non comezar un proceso de funcionarización, xa que existe un convenio prorrogado que dá base legal aos compañeiros que non se funcionaricen, tal e como aconteceu na Universidade da Coruña. Engade, que para comezar un proceso de funcionarización o único imprescindible é a aprobación dunha relación de postos de traballo do persoal laboral. Iso é a base para comezar o devandito proceso e non o convenio colectivo.

Intervén o Prof. Bienvenido para dicir que a UGT quere facer constar o que segue:

En primeiro lugar, subliña a necesidade de entregar a documentación coa antelación adecuada, que permita unha análise e, dado o caso, un debate construtivo e necesario. Di que seguen coa análise pormenorizada das partidas presupostarías, sobre as que pedirán aclaración dado o caso.

Quere resaltar que non poden estar de acordo coa rebaixa salarial, pero que se congratulan de que a mesma universidade recoñeza por escrito que esta medida vén definida e imposta polo Goberno Autonómico, o cal demostra a indiscutible perda de autonomía universitaria.

Tampouco está de acordo co que a universidade inviste en fomento da investigación: todas as partidas propias sufriron reducións, menos a de infraestruturas. Máis, cando a universidade se congratula de que aumentaron as transferencias por resultados; que débese pensar que eses resultados obtivéronos en gran parte os traballadores da casa, que a cambio viron incrementadas as súas obrigas e reducido o soldo. Que estamos conseguindo diñeiro por obxectivos e estánnolo reducindo dos complementos de investigación, que somos unha cinta de transmisión de crédito desde o investigador á universidade, sen beneficio algún para o primeiro dentro deste proceso.

Que se congratulan do equilibrio orzamentario, que é un orzamento de mantemento, pero non de fomento da tan necesaria investigación.

Insiste na necesidade dun plan de promoción especial, aínda que sexa con prazas de interino. Que non podemos perder os valiosos recursos humanos que sosteñen a nosa competitividade.

Intervén o Sr. Federico Fernández en presentación do PAS-Laboral para subscribir e apoiar a intervención de Xan Cebro.

Intervén o señor Álvarez Moreira en representación do estudiantado para preguntar polos criterios cos que se elaboran as partidas destinadas ás delegacións de estudantes.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen responde, en primeiro lugar, ao profesor Javier Berrocal dicindo que na confección do orzamento participa todo o equipo de goberno; que é un traballo colectivo. Que non entende a crítica de que por unha banda estea ben presupostado e que non pasamos liñas vermellas e que, doutra banda, sexan contas desalentadoras. Di que o futuro pasa polo equilibrio de contas que garantan a viabilidade da institución, que este obxectivo é compatible con asignar recursos por obxectivos e necesidades prioritarias. Que o criterio de reparto da partida de investigación é a prudencia orzamentaria e que non se contabiliza ningún ingreso que non esteamos seguros de conseguir; considera que unha actitude contraria podería levar a aumentar o gasto. Neste sentido, recorda a competencia do Consello Social para reducir o orzamento ante unha situación de déficit.

Ao señor Xan Cebro respóndelle que non entende a primeira parte da súa intervención; que non lle gustaría que aparecesen presupostados salarios que están por riba da RPT. No tema da funcionarización tampouco quere insistir, pero que é compromiso deste goberno a promoción do persoal e a funcionarización; pero que si é necesario dispor dun novo convenio colectivo para iniciar o proceso.

Ao Prof. Bienvenido Díez respóndelle que se lle dará a información que precise para negociar máis detalladamente, que comparte a súa valoración negativa respecto da baixada salarial e retirada dos complementos autonómicos.

Ao señor Federico Fernández respóndelle que para avanzar na funcionarización é preciso ter RPT e, á súa vez, concretar o convenio colectivo; que nunha primeira fase a secuencia aceptada era esa.

Ao señor Álvarez Moreira respóndelle que corresponde a cada centro a competencia decisoria en orde aos cartos que asigna a delegación de estudantes, aconséllalle que se dirixa á súa facultade que lle explicarán os criterios adoptados.

Intervén o reitor para dicir que o obxectivo primeiro e irrenunciable dos orzamentos é o control do déficit e equilibrio de contas, para evitar todo tipo de colapsos e intervencións. Que esta saúde financeira permite explicar que, pese á situación de precariedade na que se move a institución, os membros da universidade teñen o alento e beneficianse de que a institución teña saúde e que hai elementos craves que son positivos.

Lembrou que durante estes catro anos se priorizaron as axudas aos estudantes e se tentou tocar o mínimo as axudas aos investigadores. Sinala algunhas actuacións en materia de axudas aos estudantes, que noutras universidades foron desaparecendo. Con respecto á investigación, o reitor recoñeceu que a prudencia orzamentaria en investigación foi unha orde súa. Considera que non se poden introducir previsións de ingresos que non esteamos seguros de conseguir; que é recomendable presupostar sempre por debaixo de 70% en previsión de que poidan desaparecer convocatorias en concorrencia competitiva. Di que o esforzo hai que valoralo na captación de axudas propias. Avogou por seguir traballando en proxectos como Campus do Mar, Vigo Tecnolóxico, Campus da Auga e Campus CREA para seguir xerando ilusión; proxectos que non son excluíntes e que acollen a todos e todas os que queiran implicarse e traballar a prol da súa consecución. Remata dicindo que a saúde financeira ten outros puntos positivos, entre os que se atopan que os provedores sigan fornecendo servizos e materiais.

Procedese á votación:

Votos a favor: 30
Votos en contra: 3
Abstencións: 2

Apróbase por maioría o Proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2014 (**Anexo II**).

Punto 5. Debate e posicionamento do Consello de Goberno respecto da promoción interna do grupo C2 ao C1 do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O reitor informa que a introdución do punto na orde do día obedece a que foi solicitado polas firmas de membros no Consello de Goberno

O reitor cede a palabra ao xerente, quen informa que no marco dun proceso negociador, que abrangue diferentes materias, coa Xunta-PAS se abordaron, entre outros temas, a proposta da Xerencia do proceso de promoción do PAS do grupo C2 ao grupo C1. A Xerencia entende que é unha inquedaanza do colectivo coincidente co interese do Equipo de Goberno por favorecer a capacitación, profesionalización e promoción do colectivo PAS.

A continuación fai un repaso de como foi o proceso negociador. Di que inicialmente a Xerencia formulou un proceso de promoción interna, a través dun proceso selectivo que comprendería ao 100% dos profesionais afectados e que se desenvolvería en catro fases. Despois

de varias reunións, e atendendo en parte ao indicado pola representación sindical, presentou un proceso que se completaría en dúas fases, afectando ao 60% das prazas nunha primeira fase e ao 40% nunha segunda fase. Expresa que pese aos esforzos feitos para acadar un acordo, a postura da parte social foi inamovible dende o principio, esixindo un único proceso que afectase ao 100% dos afectados.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Toma a palabra o señor Santiago Santos en calidade de Presidente da Xunta-PAS (UGT), quen expresa a súa rotunda desconformidade coa proposta da Xerencia, respecto da promoción interna do grupo C2, polos motivos que quedan reflexados no comunicado achegado e dos que deu conta na súa intervención (**Anexo III**). Remata a súa intervención solicitando do equipo reitoral que convoque o 100% das prazas do grupo C2 ao C1.

A continuación toma a palabra o señor Xan Cebro, quen se centra nos seguintes puntos:

- Recorda que ten reclamado no Consello de Goberno, en repetidas ocasións, tratar esta materia e que a secretaria xeral pode dar fe a través das actas.
- Que a Uvigo e a única universidade galega que non permite a promoción dos seus C2 a C1.
- Que o equipo de goberno está faltando aos acordos acadados e o que se propón desde a Xerencia se vai estender excesivamente no tempo, poñendo como exemplo o proceso de promoción do A2 ao A1.
- Que non existe obstáculo normativo para a promoción e para a mellora retributiva dos traballadores.
- Que tal e como está feito o orzamento, existe capacidade económica para soportar a promoción, xa que as prazas de RPT se presupostan pola súa contía máxima. O orzamento está mal feito.

O xerente resposta ás intervencións de xeito conxunto, explicando o que segue.

Que a proposta da promoción é unha proposta da Xerencia, que foi a que a formulou perante o órgano de representación (Xunta-PAS). Que non ten coñecemento de ningunha proposta previa por parte da parte social.

Que nas outras universidades do SUG, a situación descrita non concorda coa realidade descrita polo señor Xan Cebro. A tal efecto, dá lectura a un parágrafo da acta do 15 de maio de 2013 da Comisión de Seguimento do Acordo de Mobilidade Interuniversitaria, no que participan as tres xerencias e as tres xuntas-PAS do SUG. Neste documento público, a xerente da USC expresa que “o Acordo de Mobilidade asinouse no ano 2007, datas nas que non se podía prever o panorama actual coas restricións orzamentarias tan fortes que se están a padecer. Certamente, na actualidade a USC ten algunha praza vacante de posto base non singularizado, é dicir, non cuberta nin sequera de xeito interino, pero ameazando o gran problema de minoración da masa salarial, faise preciso dispor de provisións para afrontalo, sen descarta recorrer aos créditos que

se poida minorar no cadro de persoal, por iso non pode poñer prazas, non porque non existan, senón porque hai que contar con resortes para facer fronte á minoración”. En senso similar expresouse o xerente da UDC.

O xerente informa que esta non foi a postura da Uvigo, que non temos prazas vacantes, e que hai vinte e cinco persoas por riba da RPT, o cal é reflexo do importante esforzo que se está a facer por manter os postos de traballo.

En segundo termo informa que, tanto a USC como a UDC, completaron o proceso de promoción do C2 ao C1 na escala administrativa, e que, na actualidade, no primeiro caso hai 31 profesionais e no segundo 36 sen posibilidade de promoción, xa que non existe nin proposta das xerencias, nin solicitude das xuntas PAS.

Sinala que non é certo que a Xerencia da Universidade de Vigo non faga propostas progresistas e que non sexa sensible ás necesidades do colectivo. Recorda que os acordos acadados están cumpridos e, no que falta para completar a aplicación dos mesmos, nas negociacións que se están a desenvolver coa Xunta PAS se están acordando criterios de aplicación máis favorables para os traballadores, coa plena conformidade das partes. Non é certo que non se poidan acadar acordos entre a Xerencia e a Xunta-PAS, o seguinte punto da orde do día é un exemplo dun bo traballo.

Reitera que non é certo que exista un acordo vixente para a promoción automática do C2 ao C1, que eses acordos xa se cumpriron no seu momento e que a parte social é coñecedora deste feito.

No que se refire aos procesos selectivos, informa que é certo que a promoción do A2 ao A1 é especialmente dificultosa; polo feito da dificultade de constituír un tribunal, habéndose demandado a axuda da parte social por parte da Xerencia. Unha das razóns da dificultade está no feito de que na primeira fase da promoción non se cubriu ningunha das prazas ofertadas.

Tamén informa que outros procesos pendentes se están a desenvolver con normalidade e axilidade. A modo de exemplo, dá lectura ao contido da páxina web da Uvigo no que se refire a promoción do A2 ao A1 da escala de Bibliotecas, no que partindo dun acordo de principios de ano coa Xunta-PAS, o proceso se está desenvolvendo con normalidade; así, a publicación da oferta foi no mes de marzo, e no mes de decembro publicáronse xa os resultados do segundo exercicio.

No referido aos obstáculos normativos, e a modo de exemplo, o Xerente dá lectura a parte do indicado na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2013, que é reflexo do indicado na Lei de Orzamento do Estado, concretamente, cando di “as retribucións íntegras do persoal ao Servizo do sector público da CCAA de Galicia non poderá experimentar ningún incremento con respecto ás vixentes a 31 de decembro anterior” e cando di “os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables -de existir- as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento”.

No que se refire ao orzamento, o xerente informa que debería terse en conta, como mínimo, tres cousas:

- Os orzamentos da Xunta establecen un límite anual á masa salarial da Universidade de Vigo, sendo este o límite ao que nos temos que axustar e que temos que ter en conta no momento de xestionar os nosos recursos.
- Na Universidade de Vigo, non temos RPT's de todos os colectivos que a compoñen, realmente só temos RPT's do PAS.
- Certo que nas RPT's as prazas se valoran polo seu valor máximo, pero tamén é certo que nós temos un número importante de efectivos por riba de RPT, tamén no caso do PAS-funcionario. Isto débese a que nos tempos que era factible, de forma moi sinxela, púidose poñer en marcha os mecanismos de adecuación da RPT á realidade, pero esta tarefa se adiou, non se fixo. Este cadro de persoal por riba de RPT ten un custe moi significativo nos orzamentos da Universidade.

Finalmente, o xerente informa que entende que o proceso negociador, nesta materia e noutras afíns, continúa aberto e que se debe seguir negociando, xa que só co pleno acordo das partes se garanten os requisitos mínimos necesarios para continuar adiante cos procesos.

Toma a palabra o reitor, quen comeza dicindo que a posición que se lles pide é a posición do equipo de goberno: garantir a promoción interna do grupo C2 ao C1 do PAS da Universidade de Vigo, pero que o seo do debate é a mesa de negociación. Que a instrución é buscar o encaixe normativo e real; trátase de gañar en seguridade e evitar o mínimo risco ou oposición por parte da Xunta de Galicia.

Remata dicindo que o posicionamento é apostar pola promoción interna e que corresponde á mesa de negociación decidir a forma para acadar esa promoción sen risco.

Punto 6. Aprobación, se procede, da modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servicios da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao xerente para explicar o proceso seguido ata chegar a esta fase do proceso.

O xerente informa que é unha modificación puntual relevante e que, primeiramente, se acadou e asinou un acordo entre o presidente da Xunta-PAS e a Xerencia. O cal responde no só a dar cumprimento ao indicado nas tres sentenzas ás que temos que atender, senón tamén intenta achegar a estrutura da RPT do PAS-funcionario ás novas necesidades da Universidade no eido da internacionalización da xestión dos centros de investigación; da atención aos novos requirimentos na xestión dos bolseiros e das bolsas; de apoio á investigación no Campus de Ourense; da atención aos modelos de datos e sistemas de información que temos que atender para dar cumprimento as demandas do Ministerio de Educación, do Tribunal de Contas, da Intervención Xeral do Estado, da CRUE ou do propio Plan de Financiamento do SUG. Que deseguido se solicitaron as autorizacións pertinentes, consonte á normativa en vigor, á Consellaría de Facenda, a cal, atendendo ao formulado e a situación financeira da Universidade, trasladou informe positivo.

Sinala que a documentación de todo o exposto está a disposición dos membros do Consello de Goberno, contándose tamén co informe positivo previo da Comisión de Economía e Planificación, delegada do Consello de Goberno.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o señor Xan Cebro, quen, en primeiro lugar, pide o voto afirmativo á modificación puntual da RPT do PAS-funcionario, aínda que iso non impide que faga unha crítica a esta modificación ou á política de negociación da Xerencia. Na súa opinión, esta modificación é o resultado de dúas sentenzas en contra de resolucións xerenciais: OFOE e Departamento de Comunicación Audiovisual. A Universidade de Vigo necesita urxentemente unha nova relación de postos de traballo actualizada e que dea solucións á xestión de alumnado, másters, graos, investigación, persoal, xestión económica, departamentos, así como unha desconcentración da xestión nos campus periféricos. Que o equipo de goberno non foi capaz de negociar e acadar un acordo dunha nova RPT. Que imos entrar en procesos de eleccións, sindicais e reitorais, e por iso teremos que esperar a que finalicen ditos procesos para comezar unha negociación que nos leve a unha nova RPT; que non se pode facer en tres meses o que non se fixo en 4 anos.

Intervén o xerente para manifestar o seu desacordo co Sr. Cebro. Di que a modificación puntual da RPT é un exemplo de que é posible chegar a acordos, entre a Xerencia e os órganos de representación, beneficiosos para a Universidade e os seus traballadores; que se está a traballar e a facer cousas de xeito adecuado e prega que se tome o seguinte acordo:

Aprobación da modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo. Corresponderá ao xerente determinar a data en que producirá efectos esta modificación, así como adoptar os actos que sexan necesarios para a súa execución.

Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

Punto 7. Informe sobre a terceira Memoria de responsabilidade social universitaria da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra a D. Xavier Martínez Cobas, comisionado de Plans estratéxicos, para que informe sobre a memoria de responsabilidade social universitaria. Dá unha explicación sobre os principios que rexen a redacción da memoria, a súa finalidade e o seus obxectivos.

Fai referencia ao documento da Universidade en cifras. Finaliza a súa intervención agradecendo as ideas que completen a memoria.

Intervén o profesor Bienvenido Diez facendo referencia a que a labor do PDI docente e investigador debe ser recoñecida e posta en valor. Así mesmo, solicita que onde poña persoal docente, se cambie por persoal docente e investigador.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que bota en falta na redacción da memoria algunha referencia á protección da orientación sexual.

Punto 8. Aprobación, se procede, da reforma do artigo 3 da normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que na sesión do Claustro, que tivo lugar o día 13 de decembro de 2013, foi aprobada unha modificación do artigo 16.2 do Regulamento de Profesorado. Dá conta do texto aprobado polo Claustro (**Anexo V**). Continúa dicindo que de acordo coa nova redacción do apartado 2 do artigo 16:

“A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do Departamento ao que pertence a ou o docente. A tal efecto, o Departamento, a instancia da persoa interesada, deberá remitirle ao Consello de Goberno a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento, que deberá ir acompañada dun informe preceptivo e non vinculante, xustificativo da decisión adoptada no Consello de Departamento.”

Como consecuencia desta modificación aprobada polo Claustro, é necesario modificar a redacción do punto 3 da Normativa de nomeamento de profesorado emérito, que foi aprobada no Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2013.

A redacción actual do punto 3 é a seguinte:

“3. A proposta de nomeamento de profesorado emérito deberá ser aprobada no Consello do Departamento ao que pertence o profesor ou profesora, previa petición de este/a. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos poderán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado propostas para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como solicitudes para a concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. As propostas deberán vir acompañadas dun informe do departamento ao que pertence o profesor ou profesora no que debe figurar o plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata. Ditas tarefas consistirán, preferentemente, na dirección de actividades de investigación, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e outras equiparábeis.”

Sométese a aprobación do Consello de Goberno a seguinte redacción:

“3. Antes do 30 de abril de cada curso académico, os departamentos, previa solicitude da persoa interesada, deberán presentar na vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, a súa proposta favorable ou desfavorable de nomeamento para a contratación de profesorado emérito no curso seguinte, así como para as solicitudes de concesión de prórrogas dos contratos que finalicen durante o seguinte curso. A proposta deberá ir acompañada da solicitude do interesado/a, o curriculum vitae, plan de traballo a desenvolver pola persoa candidata e un informe razoado, preceptivo e non vinculante, xustificativo da decisión adoptada en Consello de Departamento.”

Intervén a profesora Rosa Pérez para dicir que está en contra da reforma do artigo 16.2 do Regulamento de Profesorado e, coherentemente, rexeita a proposta de reforma da normativa do artigo 3 da Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo que agora se propón. Argumenta a súa oposición nos seguintes motivos:

Considera que atenta contra o recollido no artigo 94 dos Estatutos da Universidade de Vigo e na Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo (aprobada hai apenas uns meses), no sentido de que obriga aos departamentos a presentar a proposta. Que a nova redacción, atenta tamén contra o sentido común e contra o normal uso da lingua; non é preciso ser profesor de lingua para saber que non ten sentido tal cousa como “proposta desfavorable de nomeamento”. Parécelle que a redacción que se recolle na reforma do artigo 16.2, aprobada polo Claustro, é un intento pouco disimulado de pasar por enriba do que se di nos Estatutos (por proposta do departamento), pero mantendo a palabra “proposta” para que pareza que se respecta a norma. Neste sentido, a redacción que se propón aínda vai máis alá, posto que a proposta do departamento, ademais de ser obrigatoria (aínda que pode ser, polo que se ve, unha anti proposta, que é algo que non existe), debe acompañarse dun informe favorable ou desfavorable que, curiosamente, blinda aínda máis a incapacitación do Departamento para propoñer profesorado emérito, xa que non é vinculante. Remata solicitando que se rexeite esta proposta de reforma do articulado que regula o procedemento de nomeamento de profesorado emérito.

Intervén o profesor Jaime Cabeza para dicir que a reforma do regulamento contou co apoio do seu grupo.

O profesor Bienvenido Diez quere facer constar que a reforma do artigo non pasou pola mesa de PDI.

Votos a favor:25
Votos en contra:2
Abstencións:5

Apróbase por maioría a reforma do artigo 3 da Normativa para o nomeamento de profesorado emérito da Universidade de Vigo (**Anexo VI**).

Punto 9. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen manifesta que o artigo 88.3 dos Estatutos establece que para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da Universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito. Informa, que para poñer en marcha a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2014/2015, o orzamento da Universidade de Vigo, para o ano 2014, prevé unha cantidade de 40.000 euros que permitirán contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente.

A continuación expón os requisitos que, segundo a normativa, deben reunir os solicitantes, así como a forma na que se realizará o proceso de avaliación e o prazo de presentación de solicitudes, que finaliza o día 31 de xaneiro de 2014.

Na proposta establécese que é competencia da COAP aprobar os criterios de puntuación de cada un dos apartados. A vicerreitora indica que a COAP do día 18 de decembro acordou aplicar os mesmos criterios que o ano anterior. Estes criterios faranse públicos coa convocatoria.

Finaliza solicitando a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2014/2015 (**Anexo VII**).

Punto 10. Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 4 e 5 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións lembra que o Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo (REOP), aprobado polo Consello de Goberno o 14 de marzo de 2007 e modificado polo Consello de Goberno o 16 de abril de 2010 e o 8 de febreiro de 2012, tiña como obxecto regular os aspectos básicos dos estudos oficiais de posgrao, de acordo co R.D. 56/2005.

Di que, na actualidade, os estudos de máster están regulados polo R.D. 1393/2007 (modificado polo R.D. 861/2010) e os estudos de doutoramento polo R.D. 99/2011 (modificado polo RD 534/2013). Coa aprobación no Consello de Goberno, de 20 de xullo de 2012, do Regulamento de estudos de doutoramento quedaron xa derogados todos os artigos do REOP relativos ao doutoramento.

Este novo marco normativo aconsella revisar e actualizar o contido do artigo 4 (relativo á composición e funcións das Comisións Académicas dos estudos de Máster-CAM) e do artigo 5 (relativa á asignación de docencia ao profesorado).

Na proposta que se presenta, aprobada pola Comisión de Estudos de Posgrao, elimínase o artigo 5 e modifícase o artigo 4. Proponse que sexa o centro quen aprobe a composición da CAM e describíense as funcións da CAM e do coordinador do máster.

A vicerreitora propón dúas melloras na redacción final (unha no punto 2 das funcións do coordinador e outra na disposición transitoria segunda).

Intervén o profesor Juan Pou para felicitar á vicerreitora.

A profesora Ana Pita solicita unha aclaración, relativa ao alcance da transitoria segunda.

Apróbase por asentimento a modificación dos artigos 4 e 5 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao. (**Anexo VIII**).

Punto 11. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2014/15.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións indica que coa aprobación destes criterios se inicia o proceso da organización académica do curso 2014/15.

Lembra que o marco normativo da Universidade de Vigo para o cálculo de horas de profesorado, empregadas na docencia presencial das ensinanzas de grao, baséase nun procedemento do cómputo global asociado ao indicador denominado tamaño medio de grupo (TMG). O valor do mesmo, xunto cos datos de matrícula, permite outorgar a cada centro un número de horas de profesorado para distribuír en grupos docentes.

A vicerreitora indica que no documento presentado figuran, así mesmo, os criterios para a programación docente anual dos másteres con repercusión en POD, de acordo coa normativa anterior xa aprobada en Consello de Goberno, relativa á presencialidade, horas asignadas ao máster etc

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para expresar a súa desconformidade co modelo baseado no concepto de tamaño medio de grupo. Considera que o traballo está pouco planificado e segue a fomentar desequilibrios, polo que anuncia o seu voto en contra.

A profesora Belén Rubio solicita unha aclaración de tipo técnico, relativa á posibilidade de que os centros utilicen máis horas na docencia dos graos das que se lles asigne de acordo con esta normativa.

O profesor Juan Pou di que estes criterios non responden ás necesidades dos estudos de enxeñaría.

A profesora Ana Pita di que é necesario facer unha reforma da normativa para corrixir o déficit de profesorado estable das áreas xurídicas.

A profesora Belén Rubio propón que a programación docente anual das titulacións de máster sexa sometida á aprobación do Consello de Goberno, tal como se fai para as titulacións de grao.

Acéptase por asentimento este cambio na redacción.

Sométese o texto a votación:

Votos a favor: 17
 Votos en contra: 3
 Abstencións: 4

Apróbase por maioría os criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2014/15 (**Anexo IX**).

Punto 12. Nomeamento, se procede, dos membros da Comisión de Internacionalización Lingüística polo sector estudantes.

O reitor di que de acordo coa habilitación feita ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais no Consello de Goberno de 29 de outubro de 2013, formarán parte da Comisión de Internacionalización Lingüística polo sector estudantes: Alba Vilariño San Jose e Daniel Domínguez Rodríguez.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas no estranxeiro.

O reitor dá a palabra á secretaria xeral, quen expón que debido a sentenza do Tribunal Supremo, de 21 de maio de 2013, pola que se anula o Real decreto 1707/2012, que regula a realización de prácticas externas de estudantes universitarios, e mentres non se aprobe un novo decreto que substitúa ao anterior, cómpre unha modificación do Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas no estranxeiro.

Apróbase por asentimento (**Anexo X**).

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Oeste de Santa Catarina (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Chile* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Chile* para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Punto 15. Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de organización académica e profesorado: 1PDI; 2 estudantes
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante

O reitor dá a palabra á secretaria xeral, quen informa do que segue:

- Comisión de organización académica e profesorado: 1PDI; 2 estudantes

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Sector PDI: Belén Rubio Armesto
- Sector Estudiantes: Iván Veleiro Pinal

Polo que non é preciso realizar eleccións.

- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante

Non se presentou ningunha candidatura, polo que non é preciso celebrar eleccións.

Punto 16. Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Berrocal para facer o rogo de que cando se elabore a normativa de PDI se abra o diálogo a todos os colectivos da universidade. Entende que é un tema sindical, pero considera que debe estar informada a comunidade universitaria. Tamén aproveita para felicitar pola posta en marcha dunha plataforma para que os investigadores poidan ver a través do SUXI o estado de gasto dos proxectos. Por último, reprocha o proceso de distribución das entradas do concerto do Nadal.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións responde que non é un tema sindical, que é un tema de todo o PDI. Aclara que a mesa de PDI encargou a unha comisión a elaboración dun borrador de documento para achegar á mesa de PDI. A continuación será difundido e debatido entre todo o PDI.

O vicerreitor de Economía di que a nova opción de consulta de gastos de partidas dos proxectos a través do SUXI non se notificou porque está en proceso de proba.

O reitor responde que sobre as queixas pola distribución de entradas, dará conta ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para que o transmita aos técnicos de cultura.

Intervén o Sr. Federico Fernández, quen dá lectura ao texto que achega e solicita que se incorpore á acta (**Anexo XI**).

Intervén o Sr. Álvarez Moreira, en representación dos estudantes, para facer as seguintes preguntas:

1º. Con respecto ao nivel no marco europeo de clasificacións:

¿Cal é/será o nivel dos enxeñeiros técnicos e diplomados e cal o dos licenciados e enxeñeiros no marco europeo de cualificacións?

¿Por que razón o nivel dos enxeñeiros e licenciados no marco europeo de cualificacións non se considera automaticamente como 7, cando os estudos dos plans antigos en extinción eran de 5 ó 6 cursos (igual ou superior a 300 créditos), sendo na maioría o segundo ciclo de

especialización, e os actuais graos son de 4 cursos (240 créditos) e os posgraos son a partir de 1 curso (60 créditos)?

¿Vai tomar algún tipo de medida a Universidade de Vigo con respecto a este tema?

2º. Con respecto ás Becas 'Erasmus Prácticas':

¿Vai existir algún método para aqueles estudantes que realizan prácticas en empresas tuteladas polo centro pero que non se consideren curriculares nas súas titulacións de grao, xa que se denominan prácticas extracurriculares, computen á hora de solicitar o 'Erasmus Prácticas', ao igual, ou de xeito similar, que as practicas curriculares (xa que en esencia, creo, ser curricular ou extracurricular só foi unha 'cuestión técnica', na maioría dos casos, por haberse incluído na memoria de verificación unha optativa diferente)?

O reitor responde que analizará as súas preguntas para poder darlle resposta máis adiante.

Intervén o señor Brais Comesaña, en representación do alumnado, para preguntar sobre as condicións de acceso dos enxeñeiros LRU (pre-Bolonia) aos estudos de doutoramento, xa que agora equivale a titulación de grao e debería ser a grao máis máster, xa que ten consecuencias discriminatorias no acceso a titulacións de doutoramento, no emprego e nas saídas profesionais.

Responde a vicerreitora de Profesorado referíndose a un proxecto de Decreto que modificaría as condicións de acceso ao doutoramento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 19:10 horas do día 18 de decembro de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

 M.^a Inmaculada Valeije Álvarez